Cambre en verde

CAMBRE
Concelleria de Medio Ambiente e Mobilidade

Guía de boas prácticas ambientais no comercio

Cambre en verde

CAMBRE
Concelleria de Medio Ambiente e Mobilidade

GUÍA de BOAS PRÁCTICAS AMBIENTAIS NO COMERCIO

REDE VERDE de CAMBRE

Cambre en verde

CAMBRE
Concellería de Medio Ambiente e Mobilidade

Edición: Concello de Cambre
Concellería de Medio Ambiente e Mobilidade

Deseño e Maquetación: JMA

Textos: Cem

Imprime: Xxx

Data da edición: XXXX

Contido

Introdución 4
1. Beneficios das boas prácticas ambientais 5
2. Boas prácticas 6
2.1. Boas prácticas en aprovisionamento e compras 6
2.2. Boas prácticas e uso racional na xestión e o aforro da enerxía 7
2.3. Boas prácticas na xestión da auga para o aforro e consumo responsable 8
2.4. Boas prácticas na xestión dos residuos 9
2.5. Boas prácticas na limpeza e a utilización de produtos químicos 10
2.6. Boas prácticas no almacenamento 11
2.7. Boas prácticas no transporte de mercadorías e a loxística 11
2.8. Boas prácticas respecto ao ruído 12
2.9. Boas prácticas nos vertidos de augas residuais 12
2.10. Boas prácticas na ventilación, e emisión de fumes e gases 13
3. Comercio local e sustentabilidade 14
3.1. Comunicación cara o consumidor sobre a sustentabilidade . . 14
3.2. O fomento do comercio local: calidade, bo servizo e sustentabilidade 15
3.3. Interación entre as empresas do municipio 15
4. Comercio e medio ambiente. 16
4.1. Clasificación dos produtos segundo a súa repercusión ambiental 16
4.2. Símbolos de perigo, de reciclaxe e de eficiencia enerxética 17
5. Comercio, medio ambiente e administración local 18
5.1. Legalización de actividades.Licencia e comunicación previa. Ordenanza municipal de actividades e apertura de establecementos 18
5.2. Ordenanzas municipais relacionadas co medio ambiente (medio natural, ruidos, animais, limpeza viaria…) 19

Introdución

O **ambiente** ou medio ambiente é o conxunto de compoñentes físicos, químicos, biolóxicos, das persoas ou da sociedade no seu conxunto. Comprende o conxunto de valores naturais, sociais e culturais existentes nun lugar e nun momento determinado, que inflúen na vida do ser humano e nas xeracións futuras. É dicir, non se trata só do espazo no que se desenvolve a vida, senón que tamén comprende aos seres vivos, obxectos, auga, chan, aire e as relacións entre eles.

A **sustentabilidade** en termos de obxectivos, significa satisfacer as necesidades das xeracións actuais, pero sen afectar a capacidade das futuras, e en termos operacionales, promover o progreso económico e social respectando os ecosistemas naturais e a calidade do ambiente sen necesidade de danar ou sacrificar o medio natural e social.

As **boas prácticas ambientais** son medidas sinxelas e útiles que poden adoptar empresas e particulares de cara a mellorar o respecto ao ambiente para reducir o impacto ambiental negativo das súas actividades.

O **uso eficiente da enerxía,** ás veces simplemente chamado,eficiencia enerxética ou aforro enerxético, é o obxectivo de reducir a cantidade de enerxía requirida para proporcionar produtos e servizos. As melloras na eficiencia enerxética lógranse xeralmente mediante a adopción dunha tecnoloxía ou un proceso de produción máis eficientes ou mediante a aplicación de métodos comunmente aceptados para reducir as perdas de enerxía como o illamento ou o uso de iluminación LED.

1. Beneficios das boas prácticas ambientais

- Redúcese o consumo de recursos enerxéticos de todo tipo.
- Redúcese o consumo de auga.
- Redúcese a xeración de residuos e facilitar a súa reutilización.
- Optimízase e racionalízase o consumo de substancias tóxicas.
- Minimízase o efecto ambiental das emisións atmosféricas, o ruído e os vertidos de auga.
- Redúcense custos de transporte, embalaxe e almacenamento.
- Mellórase a competitividade da empresa, mediante a racionalización do consumo de materias primas e o aforro de recursos naturais (enerxía e auga), o que redundará en menores custos.
- Mellórase a imaxe da empresa ante clientes, provedores e empregados.

2. Boas prácticas

2.1. Boas prácticas en aprovisionamento e compras

- Elección de materiais, produtos e provedores con certificación ambiental.
- Coñecer o significado das etiquetas, certificacións ecolóxicas, así como todas aquelas indicacións relativas aos posibles perigos que supón o uso do produto.
- Comproba que as datas de caducidade dos produtos adquiridos non estean caducadas ou próximas á súa data de caducidade.
- En igualdade de condicións de calidade e prezo, compre preferentemente a aqueles provedores que utilicen envases reutilizables, elaborados con produtos reciclados e/ou que permitan a devolución de envases (pallets, bandexas de cartón, caixas de madeira...)
- En froitas, verduras, hortalizas, carnes..., procura realizar compras a granel para evitar o uso dun maior número e volume de envases.
- Se a túa empresa vende este tipo de produtos podes poñer a disposición do consumidor bolsas/envases reutilizables.
- Adquirir produtos de limpeza que non sexan agresivos co medio ambiente.
- Á hora de mercar equipos novos, avalía os datos sobre o consumo de enerxía. Os máis eficientes poden ter un custo maior, pero a longo prazo son máis baratos.
- Facer posible que as bolsas e embalaxes sexan sostibles, substituíndo o plástico por papel ou cartón e eliminando os envoltorios innecesarios.
- Poñer a disposición do consumidor bolsas e envases reutilizables.

  Unha idea e vender vasos de café reutilizables e facerlles un desconto simbolico no café para levar se traen esos vasos (estamos aforrando en vasos dun solo uso).

Etiquetas ecolóxicas e de reciclaxe

2.2. Boas prácticas e uso racional na xestión e o aforro da enerxía

- Aproveita sempre ao máximo a luz natural. Colocar lucernarios ou claraboias nas instalacións e garantir a súa limpeza para que deixen pasar a luz coa máxima claridade.
- Asegurarse de que os sistemas de iluminación son os máis axeitados realizando auditorías do sistema eléctrico para evitar o exceso de luz en zonas pouco visitadas ou onde a súa incidencia non é importante e optimizar o consumo.
- Utiliza lámpadas de baixo consumo ou *leds* que supoñan un aforro do 80 % en enerxía eléctrica.
- Instalar celas nos escaparates que conectan cando a intensidade da luz natural da rúa é baixa e temporizadores que apagan a luz ao amencer.
- Instalación de detectores de presenza en determinados lugares como aseos, vestiarios...
- Establece os ordenadores para **aforro de enerxía** e configura o tempo de apagado automático do monitor (normalmente 10 minutos)

- Utilizar os aparatos de calefacción e aire acondicionado só cando sexa estritamente necesario, xa que son aparatos que consomen moita enerxía.
- Coñece axeitadamente como funcionan estes sistemas para maximizar a eficiencia dos seus beneficios. Realizar un mantemento adecuado: limpeza, substitución de líquidos refrixerantes, mantemento profesional anual...
- Asegúrese de que as portas e ventás estean pechadas mentres o equipo de aire acondicionado funciona. Reducir as correntes de aire e mellorar o illamento das portas das fiestras mediante burletes, evitando así perdas nos sistemas de climatización e calefacción, reducindo o consumo enerxético.
- Reducir o acristalamento para evitar perdas de calefacción e aire acondicionado por mal illamento.
- Empregar mecanismos de peche automático de portas e ventás xa que facilitan un aforro de ata un 40 % na climatización.
- Mantén a temperatura entre 21-23°C no inverno e 23-25°C no verán. Só 1° C máis ou menos supón un 8 % de consumo enerxético.



Nova etiqueta enerxética

2.3. Boas prácticas na xestión da auga para o aforro e consumo responsable

- Asegurarse de que as billas queden ben pechadas cando non estean en uso. Neste sentido, é recomendable instalar billas de temporizador.
- Instalar dispositivos limitadores de presión e difusores/aireadores en billas que garantizan un 50 % de aforro de auga.

- Detectar rapidamente posibles fugas e avarías para proceder a reparación o antes posible.
- Os inodoros son un punto importante de consumo de auga. Dous mecanismos permiten aforrar moita auga nas cisternas do baño.
  - O dobre pulsador, para auga menores (3 litros) ou maiores (de 6 a 9 litros).
  - Pulsador de parada a vontade de descarga.
  - Truco de introducir botellas cheas de auga (ou mellor de area) ou baixando a boia do depósito que detecta o nivel.
- Colocar carteis divulgativos nos baños abertos ao publico, lembrando o aforro da auga na billa e inodoro e tamén o apagado da luz ao saír.

2.4. Boas prácticas na xestión dos residuos

- Manter sempre informados aos empregados sobre a correcta xestión dos residuos. A formación ambiental do persoal e a concienciación da importancia da separación dos residuos (cartón-papel, vidro, plástico, pilas...) contribúe a unha mellor xestión dos mesmos.

Escanear para ver como se fai una correcta separación de residuos no noso concello

- Realizar a recollida de residuos diariamente, mantendo sempre limpos os cubos ou recipientes para evitar problemas de hixiene e a proliferación de insectos, roedores e outros animais.
- Colaborar cos sistemas de recollida selectiva de lixo implantados en cada no concello (Consorcio As Mariñas):
  - Instalar contedores para os distintos tipos de residuos para a súa separación. Dobra e compacta os cartóns e o papel ao depositaos nos recipientes destes materiais.
  - Se estan mollados ou sucios non os tires no contedor de papel.
  - Quitar as tapas, tapóns e chapas dos envases de vidro, antes de colocalos no colector.
  - Non romper os tubos fluorescentes para evitar a liberación de vapores de mercurio altamente contaminantes e xestionalos correctamente.

- Instale dispensadores de xel nos baños e use sistemas eléctricos de secado de mans para evitar o desperdicio de papel.
- As bolsas reciclables pódense utilizar para vender produtos. Se un produto se vende en bolsas de plástico, asegurarémonos de que o recipiente sexa reutilizable polo cliente, como bolsa de lixo (por exemplo).
- Nas oficinas comerciais procurarase utilizar o papel por ambas as caras e reutilizar os sobres para o correo interno, co fin de minimizar non só o uso de papel senón tamén reducir a cantidade de papel que se converte en residuos.
- Evite desperdiciar papel en cartas e folletos publicitarios. Debemos asegurarnos de que todos os materiais promocionais estean impresos en cartón e/ou papel reciclado.
  - Darlle prioridade á publidade en formato dixital: máis económica e eficiente e moi cómoda para o usuario.
- Nunca verter aceite usado na rede de sumidoiros.

2.5. Boas prácticas na limpeza e a utilización de produtos químicos

- Substitúe os produtos de limpeza por outros menos perigosos e daniños, con produtos químicos identificados como menos agresivos para o medio ambiente. Para iso, é fundamental coñecer os símbolos de perigo (ver páxina 17) para saber cales son os menos daniños. A limpeza das zonas comúns farase con deterxentes libres de fosfatos e de cloro.
- Utiliza produtos de desinfección e limpeza concentrados e non perigosos (biodegradables).
- Comproba sempre que os produtos de limpeza adquiridos estean dentro da data de caducidade e que os lotes estean en bo estado.
- O uso de fluídos de limpeza realizarase nas cantidades mínimas recomendadas polo fabricante, procurando que a cantidade de auga utilizada para a limpeza sexa a adecuada.
- Non verter os restos de produtos de limpeza ao sistema de saneamento público, sempre que exista un sistema autorizado para iso. Evitamos así que acaben nos rios e mares.

- Usar o vinagre ou derivados como produto de limpeza ecolóxico e económico. Por exemplo, a mestura de vinagre e auga nas fachadas evita que ouriñen os cans, debido a que é un repelente natural.

2.6. Boas prácticas no almacenamento

- No almacenamento de materiais e produtos, espaciaremos os colectores para facilitar a comprobación do estado das caixas e palés e reducir o risco de choques ou colapsos, que poden xerar residuos. Tamén seguiremos esta boa práctica para os produtos químicos.
- O almacén debe estar organizado de forma que os produtos de uso máis frecuente estean o máis preto posible da entrada.
- Dispoñer dun inventario de produtos perfectamente actualizado que permita:
  - Rastrexar a mercadoría día a día. Controlar as datas de caducidade dos produtos. Usar primeiro os produtos máis antigos.
- Protexer convenientemente o almacén das inclemencias do tempo e das temperaturas extremas para evitar que os produtos se vexan afectados na súa calidade e queden produtos obsoletos e/ou degradados e, polo tanto, residuos e fonte de malos cheiros.
- Seguir sempre as instrucións de almacenamento do produto, sempre que estean especificadas.
- Ter información sobre a posible incompatibilidade dos produtos, prestando especial atención ás substancias tóxicas e inflamables.
- Dispor de alarma contra incendios e todas as medidas de seguridade adecuadas.

2.7. Boas prácticas no transporte de mercadorías e a loxística

- Adquirir vehículos segundo as necesidades reais da empresa, evitando aqueles cunha potencia, consumo de combustible e dimensións superiores ás necesarias para a actividade.
- Compra vehículos de cor clara para garantir que se quenten menos e evitar un uso excesivo do aire acondicionado nos meses de calor.

- Manter o vehículo en perfecto estado técnico e utilizar lubricantes de calidade, pneumáticos de longa duración, materiais non tóxicos...
- Xestionar correctamente as baterías, os aceites usados, os pneumáticos...
- Usar proveedores mais cercanos do comercio local. Cada quilómetro de percorrido engade impacto ambiental aos produtos.
- Fomentar nos traballadores/as o transporte público, con abonos de transporte a prezo reducido, ou incluír na publicidade do comercio información sobre as liñas de autobús máis próximas. Nos casos nos que o transporte privado sexa conveniente, poden formalizarse acordos para compartir traxectos en coche.
- Cambiar o vehículo de reparto convencional por outro eléctrico (cero emisións), aproveitando subvencions (Plan MOVES, Plan de transición a una movilidad eficiente…).

2.8. Boas prácticas respecto ao ruído

- Uso de protectores auditivos individuais a traballadores expostos a ambientes ruidosos, e instalación de carteis informativos.
- Correcto mantemento de máquinas, aparellos e equipos ruidosos, e renovación por outros actuais de menor emisión sonora, así como instalación de elementos antivibratorios.
- Evitar traballos, carga e descarga de mercadoría, e funcionamento de máquinas, aparellos e equipos ruidosos, así como instrumentos ou aparellos musicais, en horas de descanso nocturno.
- Instalar elementos amortiguadores en patas de cadeiras, mesas e mobles (feltros, caucho...), sobre todo en hostalaría, que evite ruídos por impacto e arrastre.
- En hostalaría, evitar situacións ruidosas xeradas polos clientes (cantar, gritar, vociferar,...).
- Comunicación e relación con Comunidades de propietarios e veciños, sobre todo de vivendas lindeiras, que puidesen verse afectados polo funcionamento da actividade.

2.9. Boas prácticas nos vertidos de augas residuais

- Aceites, restos de pinturas, vernices, disolventes e produtos de limpeza agresivos non deben ser eliminados polo sumidoiro. No

seu lugar, deberían ser xestionados a través dun xestor de residuos autorizado.

- Corpos sólidos, como cabichas de cigarros, pedazos de papel (salvo o hixiénico), compresas, restos de comida, etc, deberían ser eliminados xunto coa fracción materia orgánica e colector resto dos residuos sólidos que produza o establecemento. Colocar unha papeleira xunto ao inodoro facilita moito esta tarefa.
- Non verter augas residuais de limpeza de locais, vehículos, equipamentos, etc, polos sumidoiros das augas pluviais da rúa por que van directamente aos ríos e á ría. Facelo polos sumidoiros conectados a rede de augas residuais.

2.10. Boas prácticas na ventilación, e emisión de fumes e gases

- Revisión da instalación antes da apertura, con limpeza ou remprazo dos filtros en caso necesario, para maximizar no posible o caudal de ventilación.
- Usar ventilación forzada de aire exterior a caudal nominal polo menos 2 horas antes da hora de apertura e a caudal máis baixo 2 horas despois do peche. Polas noites e fins de semana, deixalo funcionando a baixo caudal. En climatizadores con recirculación de aire, cerrar comportas de recirculación e traballar con aire exterior.
- Manter a ventilación dos aseos permanentemente, verificar o seu correcto funcionamento e non abrir as xanelas dos aseos.
- Ventilación natural, abrindo portas e/ou fiestras opostas, e se é posible en diagonal.
- Instalar medidores de CO_2.No interior dos espazos ocupados non superar os 800 ppm. Se se superan, incrementar a ventilación con aire exterior ou reducir aforos.
- Só en caso de zonas de ventilación deficiente, instalar purificadores portátiles de aire con filtros HEPA.
- Contratar unha empresa ou instalador-mantenedor habilitado, para que realice o mantemento periódico e regulamentario das instalacións de calefacción, refrixeración e ventilación.
- Mantemento adecuado de filtros de cociña e condutos de emisión de gases e fumes.

3. Comercio local e sustentabilidade

3.1. Comunicación cara o consumidor sobre a sustentabilidade

A protección do medio ambiente e a sustentabilidade melloran a súa competitividade e axudan a captar novos clientes e consumidores.

Vantaxes para as empresas que inclúen conceptos ambientais:

- Acceso a mercados esixentes.
- Diferenza competitiva.
- Mellora da imaxe exterior e da relación pública coa sociedade.
- Mellora da eficiencia no uso dos recursos naturais e da enerxía.
- Redución do risco.
- Maior eficiencia operativa e redución dos custos de produción.
- Anticipación da lexislación e adaptación non traumática.
- Mellor ambiente de traballo.

Técnicas para integrar a dimensión ambiental na xestión do pequeno comercio:

Auditoría Ambiental.

Etiqueta ecolóxica.

Análise do ciclo de vida.

Guías de boas prácticas.

3.2. O fomento do comercio local: calidade, bo servizo e sustentabilidade

A **economía local:**

- xera emprego na zona,
- ofrece alternativas de consumo,
- ofrece asesoramento directo con trato persoal, conexión e cercanía entre o vendedor e comprador,
- precisa un mínimo desprazamento, polo que ten menos impacto,
- distribúe a riqueza entre máis actores e contribúe a formar comunidades máis fortes e resilientes, con mellor calidade de vida e unha rede social de relación e apoio mutuo.

Os consumidores poden contribuír a soster o comercio de cercanía, a tenda de sempre, e favorecer o desenvolvemento dunha sociedade máis autosuficiente e menos dependente do comercio globalizado.

3.3. Interación entre as empresas do municipio

O **comercio local** crea lazos de unión entre os distintos negocios, complementarios e compatibles que lles axuda a medrar e ofrecer mellores servizos aos consumidores. As agrupacións de comerciantes desenvolven diversas campañas nas que se pon de manifesto que a sua interrelación establece vínculos e alianzas, descontos e promocións, ventas cruzadas con beneficio mutuo, publicidade compartida, plataformas tecnolóxicas, publicidade boca a boca gratuita…

4. Comercio e medio ambiente

As actividades do comercio son susceptibles de producir:

- Residuos.
- Consumo excesivo de auga.
- Contaminación atmosférica.
- Contaminación acústica.
- Consumo enerxético excesivo.
- Contaminación visual.

4.1. Clasificación dos produtos segundo a súa repercusión ambiental

1. Segundo o impacto ambiental nas distintas etapas do ciclo de vida

Produto ecolóxico: xera a menor contaminación posible en todas as fases do seu ciclo de vida. En xeral, recoñécese que un produto é ecolóxico porque leva a etiqueta ou logotipo ecolóxico, concedido por un organismo oficial de carácter comunitario, nacional ou autonómico.

Produto respetuoso co medio ambiente: é o produto que provoca a menor contaminación posible nunha ou varias etapas do seu ciclo, pero non en todas.

Produto reciclado: este tipo de produtos fabrícanse utilizando materias primas secundarias, é dicir, residuos valorizados indicando a porcentaxe de materiais reciclados.

2. Segundo o impacto ambiental na fase de residuos

Produto reutilizable: é ese produto que se pode reutilizar (téxtil, moble, libros...). O termo reutilizable utilízase especialmente en envases. Os envases reutilizables levan o logotipo identificativo.

Produto reciclable: é aquel que, na fase de residuos, pode ser introducido nun proceso industrial para a fabricación doutro produto do mesmo tipo ou de distinto tipo co mesmo material. Os produtos reciclables levan logotipos identificativos

Produto valioso: refírese a calquera produto cuxos residuos poidan ter algún tipo de valor: obtención de enerxía mediante incineración, compostaxe, fertilizantes orgánicos...

Produto biodegradable: é ese produto que xera un residuo que se vai autodestruír sen efectos contaminantes para o medio ambiente.

4.2. Símbolos de perigo, de reciclaxe e de eficiencia enerxética

Símbolos de perigo



Símbolos de reciclaxe

O **círculo de Möbius** é o mais usado e identifica a reutilización e a reciclaxe dos materiais.

A **etiqueta ecolóxica europea** unifica os produtos da unión europea que cumpren «rigorosos criterios ambientais e están en perfecto estado para o consumo».

O **punto verde,** identifica a todas as empresas envasadoras que están adheridas ao SIG de Ecoembes, garantizando que os envases destas empresas cumpren coas obrigas establecidas na **Ley de envases.**

Símbolo de eficiencia enerxética

Etiqueta que identifica o nivel de eficiencia enerxética dos electrodomésticos.

Etiqueta A: Nivel moi alto de eficiencia (+45 %)

Etiqueta B: Nivel alto de eficiencia (30 %)

Etiqueta C: Nivel medio de eficiencia (10 %)

O resto das letras D, E, F e G teñen un nivel de eficiencia menor segundo imos chegando ao G.



Exemplo de etiquetado para unha lavadora

5. Comercio, medio ambiente e administración local

5.1. Legalización de actividades. Licencia e comunicación previa. Ordenanza municipal de actividades e apertura de establecementos

A legalización municipal dunha actividade supón o recoñecemento da Administración local conforme o establecemento cumpre coa normativa que lle é de aplicación, sobre todo a relacionada co ordenamento urbanístico, o medioambiente, a seguridade e a saúde das persoas.

Antes da apertura dun establecemento, débese presentar no Concello unha comunicación previa ou solicitude de licenza, segundo o tipo de actividade a desenvolver.

Xunto coa comunicación previa ou solicitude de licenza, débese achegar unha documentación técnica elaborada por un técnico competente (arquitecto, enxeñeiro,...), que justifica que a actividade cumpre coa normativa urbanística, ambiental, de seguridade e salubridade.

Así mesmo, débese legalizar calquera modificación que se vaia a realizar no local (reforma, ampliación, novas instalacións,...), así como os cambios de titularidade da actividade.

O exercicio da actividade sen legalizar, supón o risco de recibir visitas de inspectores municipais, de oficio ou por denuncia veciñal, e recibir severas sancións, chegando mesmo ao precintado ou peche do negocio.

O trámite de apertura e exercicio da actividade, regúlase na **Ordenanza Municipal Reguladora dos Procedementos de intervención administrativa nos actos de uso do solo e do subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos.**

Este código QR enlaza co contido desta Ordenanza.

5.2. Ordenanzas municipais relacionadas co medio ambiente (medio natural, ruidos, animais, limpeza viaria…)

Este código QR enlaza cos contidos destas ordenanzas municipais.